

REVISTA MENSUAL

HORTOCOLIÑA

MARZO - ABRIL 2019

MAXIA POLA IGUALDADE

O 8 de marzo fomos ao salón de actos a ver un espectáculo de maxia. Chamábase "Maxia pola igualdade".

A ilusionista ademais de falarnos dos dereitos das mulleres tamén fixo varios números de maxia. Dende facer desaparecer unha botella de cocacola ata transformar a unha compañeira (fíxolle un sombreiro e un bolso de papel de cor vermella).

Deste espectáculo tamén puideron disfrutar o alumnado de infantil 1º, 2ºA e o alumnado do CRA.

Pasámolo moi ben!

Os nenos/as de 2ºB



O DÍA INTERNACIONAL DA MULLER

O día 8 de marzo os nenos/as de 2ºA fixemos uns carteis en cartolina onde escribimos o que nos pensabamos:

- Igualdade ente os dous sexos.
- A traballos iguais, salarios iguais.
- A non violencia ás mulleres.
- Os mesmos xoguetes para os nenos e as nenas.
- Os traballos da casa repartidos por igual.

Martín, Mateo e Alicia

PLANTAMOS BULBOS DE TULIPÁN

Os nenos de 2º A plantamos bulbos de tulipán a principios de marzo. Algúns xa teñen flor e outros están a punto.

Lia



IMOS PLANTAR

Para poder plantar os gladiolos , os alumnos de 3º B foron a aula horto , onde atoparon un caldeiro con terra e as semillas para plantar. Todos trouxeron unha botella de plástico cortada e protexida polos bordes , para non danar a planta . Foron por grupos botando a terra en diferentes botellas , puxéronlle as semillas , e aplastaron a terra , que botaron enriba dela. Logo humedeceron a terra botándolle auga. Cando remataron , trouxéronas para a clase para que lles dese ben a luz e para regalos e coidalos. Agora solo falta esperar a que xerminen as semillas e saia un precioso gladiolo. PASÁRONO XENIAL!

3º B

VISITA DE XURXO MELCHOR

O pasado 21 de marzo, os nenos e nenas de 1º e 2º de Primaria recibimos a visita do xornalista Xurxo Melchor (A voz de Galicia).

Explicounos o proceso de elaboración das noticias e do funcionamento dun xornal. Tamén nos contou como funciona o xornalismo dixital, que permite que as noticias cheguen aos lectores no case no momento.

Pudémolo comprobar. Despois de redactar entre todos unha noticia que en moi pouquiño tempo saíu publicada no xornal dixital.



POSTAIS DE TODO O MUNDO

Os nenos e nenas de 1º, 2º, 3º e 4º escribimos e recibimos postais de todo o mundo. Escribímolas en inglés. Cando chega unha postal nova, miramos as imaxes e buscamos palabras en inglés. Despois colocámolas no noso mapa do mundo.

Xa temos postais de Alemaña, Finlandia, República Checa, Polonia, Estados Unidos, Canadá, Rusia e ata do Xapón. As do Xapón viaxaron máis de 10.000 km. de distancia.



CONCERTO DE "MINI MOZART"

O 28 de marzo fomos a una excursión. Foi ao Auditorio de Galicia, cos compañeiros de 2ºB e 2ºA.

Alí ademais de escoitar a orquestra, que nos tocou música de Mozart, tamén nos ensinaron diferentes instrumentos musicais como: o violonchelo, a viola, o 1º e o 2º violín, o clarinete, a frauta....


O que máis nos gustou foi cando as trompetas tocaron a música de Star Wars.

Gustounos moito, pasámolo moi ben. A ver cando repetimos!



EXCURSIÓN O CONSERVATORIO HISTÓRICO DE SANTIAGO

O venres 8 de febreiro fomos de excursión



VISITA COMPOS

O pasado venres 5 de abril, dous xogadores da SD Compostela visitaron o noso centro e conversaron con nós sobre como foi a súa traxectoria ata chegar ao seu actual equipo, ou como é o día a día no seu traballo. Tamén falamos dos hábitos alimenticios, as horas de descanso ou a violencia no deporte. Para rematar fixémoslles moitas preguntas e convidáronnos a ir velos ao estadio Vero Boquete de San Lázaro




DÍA DO LIBRO

O 23 de abril celebramos o Día do Libro cunha lectura ininterrompida do Principiño de Antoine de Saint-Exupèry, libro traducido ao galego por Carlos Casares.



CHARLA GARDA CIVIL

O 12 de abril xuntámonos no salón de actos para recibir a última das charlas sobre igualdade.




APRENDENDO EN 3D CON VERMISLAB

O día 30 de abril os nenos e nenas de sexto fixemos un obradoiro sobre impresoras 3D, como funcionan, que cousas podemos facer con elas,...

Foi impartido por dous profes moi simpáticos e graciosos, chamados Tito e Cati.

Ensináronnos a deseñar diferentes obxectos, animais, etc. Dependendo do tamaño da impresora, pódese facer cousas distintas de tamaños, ata unha casa!!!



UNHA DE PATACAS

As nosas patacas están cada día máis bonitas e grandes.



ADIVIÑAS

No campo nacín
meus irmáns son os allos,
e o que chora por min
estame a partir en pedazos.

Quen son?

Teño rabo e non son can,
tamén cabeza e non penso
teño dentes e non mordo.

Quen son?

**(A solución ás dúas adiviñas está plantada
no noso horto)**